



## PROXECTO CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Estimado Subdirector de Plans e Programas da SXPB – Xunta de Galicia,

O abeiro da proposta de esa Secretaria Xeral para a participación de esta Federación Galega de Hockei no desenvolvemento das medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ofrecemos a colaboración de este organismo federativo para a realización de unha campaña de sensibilización dentro das actuacións, actividades, programas formativos e técnicos que a Federación Galega de Hóckei desenrola o longo de cada tempada deportiva.

A posible proposta da ***Campaña Hóckei Galego Contra a Violencia de Xénero*** se desenvolvería o longo das diferentes fins de semana que en numerosas categorías e lugares onde a Federación Galega de Hockei organiza as súas competicións, mostrando nas instalacións a carteleira oportuna, usando megafonía para a transmisión de cuñas pre-gravadas coas mensaxes da campaña, lucindo as mensaxes e os logos na vestimenta de árbitros e instalacións de xuíces.

Adicionalmente poderemos lucir estes logos nas prendas de xogo e paseo das seleccións galegas de hóckey que compiten nos Campionatos de España Autonómicos nas distintas categorías, masculina e feminina.

Así mesmo propoñemos utilizar a papelería, comunicacións, correos e web da Federación como soporte adicional para estas mensaxes.

A nosa proposta de campaña con todas as posibles actuacións neste senso e co seu coste estimado podería ser como segue, remarcando en **vermello** aquelas que consideramos con máis visibilidade:

- **Alcance:**

- A nivel galego (sedes mais relevantes Ourense, Vigo e A Coruña por densidade de licencias) durante 42 fins de semana o ano
- Xogadoras/es: 1.000 licencias aprox. dende os 4 os 60 anos, un 27% femininas
- 15 árbitros
- Seleccións Galegas masculina e feminina en categorías: sub14, sub16 e sub18
- Mais de 20 adestradores/as
- Público (maioritariamente familias con pequenos/as): máis de 1.000 persoas por cada fin de semana
- Medios comunicación: redes sociais clubs, web federación e prensas locais





## PROXECTO CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- **Promoción en competicións e actividades deportivas visibles en Galicia**

**(6.500€/ 42 fins de semana o ano en 3 cidades galegas):**

- Pancartas nas instalacións (campos sintéticos e polideportivos)
  - 6 unidades de pancarta: 1.000 €
  - Montaxe e desmontaxe: 500 €
- Mensaxes megafonía (gravacións pre-gravadas)
  - Equipo megafonía portátil: 500 €
- Trofeos/Medallas en colaboración con [Aixiña](#) para os participantes das competicións anuais por concentración, dende categoría prebenxamín a xuvenil, coa mensaxe e logo oportuno en cada un: 2.500 €
- Mesa árbitros con mensaxe (modo mantel/cartel) en todas as competicións: 500 €
- Vestiario árbitros co a mensaxe/logos da campaña:
  - Polo, pantalón, sudadeira, chándal e chubasqueiro: 100 € / árbitro
    - 15 árbitros x 100 = 1.500 €

- **Promoción en equipamento visible fora de Galicia**

**(3.500€ / 3 fins de semana o ano):**

- Logo e mensaxe en equipamento seleccións galegas sub14, sub16 e sub18:
  - Serigrafía por prenda: 5 € x 120 unidades = 600 €
  - Prenda específica (polo paseo, etc.) : 20 € x 120 = 2.400 €
- Cartel visible no bus ca montaxe/desmontaxe : 500€.

- **Promoción integral**

**(2.500€ / 365 días o ano):**

- Logo en paxina web: 500 €
- Logo e mensaxes na papelería e demais comunicacións: 500 €
- Plan promoción do hóckey feminino en Galicia (xogadoras, adestradoras e árbitros) co obxectivo de incrementar o número de licencias actual do 27% : 750 €
- Plan promoción sistema igualitario (igualdade custes licencias e arbitraxes) co obxectivo de localizar e corraxir posibles desigualdades: 750 €





## PROXECTO CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Finalizada a nosa exposición con todo o noso potencial neste senso, queremos reiterar o noso interese en manter unha xuntanza co obxectivo de poder concretar conxuntamente as nosas propostas e poder instrumentar o contrato de patrocinio oportuno daquelas que se consideren posibles dentro das posibilidades económicas do convenio establecido para elo.

Quedamos abertos a calquera tipo de suxestión ou aclaración pola súa parte.

E firma en Ourense o Presidente da Comisión Xestora de esta Federación.

Asdo.





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346  
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal



## ANEXO II

PARA UTILIZAR NOS ELEMENTOS QUE VEÑAN ESTABLECIDOS NO PROXECTO



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE  
GALEGO**




**Xacobeo 2021**






**ANEXO III**

**LOGO PARA BANNERS, CARTELERÍA, EQUIPACIÓNS.....**



**IMAXE PARA LONAS**





## CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE HOCKEY

En Santiago de Compostela,

Dunha parte, don **José Ramón Lete Lasa**, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte don **Alberto Estévez Franco**, con DNI: 34.981.590-Q, segundo consta no expediente de contratación, actuando en representación da Federación Gallega de Hockey, NIF: G-32.172.058, segundo consta na declaración de identificación e o presidente da Xunta directiva.

Ambas partes contratantes, con capacidade legal para obrigarse por medio do presente contrato,

### DECLARAN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, polo que se fixa a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

O 2 de marzo de 2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da Secretaría Xeral de Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte asinaron un acordo de colaboración para desenvolver algunhas das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, como as que se refiren ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que terán como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes (medidas 24,26,29,31) do documento refundido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

No ámbito deste acordo para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Secretaría Xeral da Igualdade súmase ao apoio deste plan de patrocinio coas Federacións deportivas na procura de deseñar e transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe a todas as persoas.





A Secretaría Xeral para o Deporte, en execución do convenio de colaboración citado, está interesada en difundir, potenciar e promocionar a campaña de sensibilización contra a violencia de xénero tanto nos eventos deportivos que as Federacións Deportivas Galegas organicen como na actividade ordinaria das mesmas, e entende que a través do contrato de patrocinio prodúcese un retorno publicitario e social acorde a prestación económica que en cada caso se aporta. O patrocinio publicitario é a fórmula mais idónea para alcanzar este obxectivo debido a importancia do deporte como fenómeno social e económico de gran dimensión, cunha importante capacidade de mobilización, especialmente pola influencia dos medios de comunicación.

A Federación Gallega de Hockey, está interesada en colaborar na loita contra a violencia de xénero e na campaña de promoción da imaxe da Secretaría Xeral para o Deporte e da Secretaría Xeral da Igualdade a través dos distintos proxectos que se atopan dentro das súas políticas deportivas, e a tal fin, ambas entidades negociarán os termos de colaboración publicitaria e as súas conseguíntes prestacións económicas.

O contrato de patrocinio é un contrato privado por razón do seu obxecto definido no artigo 24 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade como “o contrato polo que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou de outra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

A preparación e adxudicación deste contrato rexerese pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no referente aos seus efectos, modificación e extinción rexerese polo dereito privado.

Por todo o exposto anteriormente, ambas partes contratantes, recoñecéndose mutuamente plena capacidade para o outorgamento deste documento, conveñen subscribir o presente contrato de patrocinio deportivo con suxeición as seguintes

## CLÁUSULAS

### CLÁUSULA 1: OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto regular o patrocinio pola Secretaría Xeral para o Deporte dos eventos e competicións da Federación Gallega de Hockey así como a forma na que esta, a cambio do importe económico previsto no presente contrato, comprométese a colaborar na loita contra a violencia de xénero e a publicidade e promoción estratéxica e institucional da Xunta de Galicia a través da imaxe da Secretaría Xeral para o Deporte e da Secretaría Xeral da Igualdade nos distintos proxectos que se atopan dentro das súas políticas deportivas.

### CLÁUSULA 2: OBRIGAS PUBLICITARIAS DO PATROCINADO

As obrigas publicitarias levaranse a cabo de acordo coas actuacións que se reflicten no Anexo I debendo incorporar a imaxe corporativa establecida pola Secretaría Xeral para o Deporte e a





Secretaría Xeral de Igualdade de acordo cos manuais corporativos que se achegan como Anexos II e III, nas actuacións previstas para cada un dos eventos deportivos establecidos nos Anexo I.

Promocións en prensa escrita e nos soportes de difusión tecnolóxica e en televisión ou programas de radio de producirse estas.

En todo caso a Federación debe ter en conta que no texto dos plans, programas, convocatorias etc, que elabore debe sinalar que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relación coas Cortes e Igualdade), deixando constancia se é o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos.

### **CLÁUSULA 3: OUTRAS OBRIGAS DO PATROCINADO**

A Federación patrocinada deberá:

- Comunicar á Secretaría Xeral para o Deporte, calquera eventualidade significativa que poida afectar á programación, desenvolvemento, financiamento e finalización das actividades obxecto do patrocinio. Ademais, deberá comunicar ditos cambios, cando sexan relevantes, aos medios de comunicación.
- Informar á Secretaría Xeral para o Deporte dos restantes patrocinios que se subscriban para a celebración das actividades e eventos.
- Destinar os fondos percibidos ao desenvolvemento de actuacións claramente relacionadas coa organización das actividades e eventos.
- Dar publicidade a súa condición de beneficiario deste proxecto en toda a publicidade gráfica que se edite así como no escenario do evento, facendo constar, de forma clara e visible os seguintes logotipos e símbolos institucionais:
  - Da Xunta de Galicia e da Secretaría Xeral para o Deporte
  - Ministerio de la Presidencia, Relación con las Cortes e Igualdad
  - A imaxe da Campaña contra a violencia de xénero (NON)
  - E a imaxe “Deporte Galego” .
- Informar e invitar á Secretaría Xeral para o Deporte para participar, como entidade patrocinadora, nas presentacións do evento patrocinado.
- Recoñecer o dereito da Secretaría Xeral para o Deporte a explotar publicitariamente as imaxes do evento para o cal o patrocinado obrígase a incluír no documento de inscrición unha cláusula na que se indique que a sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro







medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos anos seguintes.
  - Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Secretaría Xeral para o Deporte, así como calquera outra actuación que sexa de comprobación ou de control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.
  - Cumprir durante o período de vixencia da relación contractual as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación a todo o persoal laboral contratado.
  - Contar con todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización do evento.
  - Contemplar o respecto ao medio durante todas as etapas de celebración do evento, atendendo como mínimo os seguintes requisitos:
    1. Designar a un responsable medioambiental da proba.
    2. Establecer zonas de reciclaxe en saídas, chegadas, avituallamentos, etc.
  - Contar cos seguros de responsabilidade civil e asistencia sanitaria esixibles de acordo cos artigos, 22 e 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e a Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
  - De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno o Patrocinado actuará con suxeición a esta no que se refire a obriga de subministrar a información que se lle requira so pena de aplicación da multa correspondente no caso de incumprimento.
  - A teor do Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o patrocinado obrigase a elaborar un regulamento de categorías competitivas e premios, con suxeición as disposicións legais vixentes do mencionado Decreto legislativo, tendo en consideración os seguintes requisitos:
    1. As competicións deben organizarse en categorías en función da idade e do sexo. Non pode haber categoría única argumentando non proporcionalidade numérica nin de outra orde por razón de xénero.
- Non obstante o anterior, naquelas modalidades ou especialidades deportivas nas que as competicións oficiais se celebren nunha soa categoría ou nas que os campionatos contemplen a única participación dun xénero, non se esixirá ter máis dunha categoría.





2. Os premios, trofeos ou recoñecementos deben responder aos principios de neutralidade e igualdade sen facer distincións entre as categorías feminina e masculina.

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola Federación Gallega de Hockey, durante todo o período de execución do contrato, finalizado o cal procederase ao pagamento por parte da Secretaría Xeral para o Deporte da cantidade sinalada na cláusula cuarta.

Toda a publicidade estática, material impreso, publicidade en redes sociais ou soportes tecnolóxicos, elemento ou activo serán producidos pola Federación, sendo pola súa conta os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

#### **CLÁUSULA 4: OBRIGAS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**

En prestación ás obrigas asumidas pola Federación Gallega de Hockey, a Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento de **once mil euros (11.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.640.0 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos da Secretaría para o ano 2019.

O pagamento farase efectivo unha vez finalizado o evento e previa xustificación da realización do mesmo mediante a memoria correspondente na que se poida comprobar a presenza das imaxes sinaladas na cláusula segunda e a presentación da factura, e os certificados de estar ao corrente dos pagos a Seguridade Social, Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e o xustificante da póliza do seguro.

#### **CLÁUSULA 5: VIXENCIA DO CONTRATO**

A vixencia do contrato comprenderá dende a sinatura do mesmo ata a data de finalización das actuacións previstas no Anexo I.

#### **CLÁUSULA 6: EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADE**

En ningún caso alcanzará á Secretaría Xeral para o Deporte ningunha responsabilidade principal ou subsidiaria respecto de obrigas ou sancións de calquera índole que poidan ser impostas á Federación Gallega de Hockey.

#### **CLÁUSULA 7: MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

As causas polas que se pode modificar o presente contrato son:

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.





A devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas. Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsión dos orzamentos aprobados. Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

1. Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
2. Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
3. Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
4. Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20% do prezo inicial do contrato

## **CLÁUSULA 8: RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

As causas de resolución do contrato son:

1. Incumprimento das obrigas derivadas do contrato.
2. Inclusión do patrocinado nun acto que dane a imaxe do patrocinador.
3. Sen prexuízo das eventuais reclamacións por danos que se puideran derivar, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá resolver o presente contrato no caso de que o patrocinado, ou calquera dos restantes patrocinadores do evento, vulnerasen a normativa en vigor para a organización do mesmo, tamén e nomeadamente, a sectorial referida á regulatoria de publicidade e de protección do menor.

No caso de que se coñeza algunha destas causas con posterioridade ao pago por parte da Secretaria Xeral do importe establecido na cláusula cuarta a Federación patrocinada procederá ao reintegro dos fondos percibidos.





## **CLÁUSULA 9: LEXISLACIÓN APLICABLE**

Este contrato rexeráse en canto a súa preparación e adxudicación pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en canto aos seus efectos, modificación e extinción polo dereito privado, en concreto pola Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

## **CLÁUSULA 10: XURISDICIÓN COMPETENTE**

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

Para a debida constancia de todo o convido, asínase este contrato

Pola Administración  
O secretario xeral para o Deporte  
P.A. Art. 5 Decreto 76/2017  
A subdirectora xeral de Xestión Deportiva  
María Teresa Lorenzo Lemos

Pola Federación  
  
  
  
Alberto Estévez Franco

